

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Lois Tobío no seu arquivo persoal**

**Ficha documental da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 13/04/1961**

**Colección:**

**Data:** 13/04/1961

**De:**

Manuel Puente;

**Para:**

Lois Tobío Fernández;

**Orix:**

Bartolomé Mitre, 1263 (de enderezo), Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional)

**Destino:**

José Benito Lamas, 2941 (de enderezo), Montevideo (local), Montevideo (departamental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada, con sinatura autógrafa e con membrete: MANUEL PUENTE].

**Mencionados:**

Xosé Abraira; Francisco Fernández del Riego; Ramón Otero Pedrayo; Rodolfo Prada;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## **Transcripción da epistola de Manuel Puente, a Lois Tobío Fernández do 13/04/1961**

Manuel Puente  
Buenos Aires Abril 13 de 1961

Señor Dn.  
Luis TOBIO  
MONTEVIDEO (R. O.)

Meu estimado Don Luis:

Aprobeito o viaxe a esa do hirmán Abraira para contestar a súa de data 6 do Cte.-

Non recibín a visita de Barreiro, nin pola miña parte penso resolver nada, xa que deixei nas suas mans contratar con quen a vostede lle parezca mellor, sin ter somentes en conta algún pesos menos, sinón calidade de traballo e menos preocupacións; dos tres presopostos traídos por Prada paréceme que o mais conveniente é o de Colombino, pero Ud resolva e dígame o que acorde como pago adelantado para mandarlle un cheque de ese Banco de Galicia.-

Don Ramón escribume fai uns días por primeira vez desde a miña carta que Ud conoce, infórmame que está en correspondencia con Ud e nada mais; agora eu creo que convendría lle escribir Ud sobre o que falamos –esto é– que Ud lle pida canto se lle debe a cada un dos que xa fixeron traballos incluso el, e que lle dea o presuposto dos outros traballos que faltan, para situar eu en Galicia os fondos necesarios para o cual conviria irlle escribindo a Fernandez del Riego según a súa idea, de que fora el o Administrador, aceptado por mín con moito gusto.-

Convén tamén non esquecer de repetirlle os da terra que cada un dos colaboradores debe renunciar os dereitos de autores ecétera.-

Alégrome moito que Ud. se dera conta da falta do capidoo da música popular galga e estou de completo acordó co seu pedido a Don Ramon.

En espera da suas noticias saudo moi afectuosamente,

S S S

Manuel Puente [sinatura autógrafa]

[nota manuscrita escrita a lápiz, por Lois Tobío]:

Cont. 18-IV

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.